

6.- PANORAMA SOCIAL

A análise deste apartado, composto pola análise da demografía e a educación, farase a partir dos datos do Padrón municipal de habitantes con referencia a 1 de maio de 1996 e a súa revisión a 1 de xaneiro de 1998 e de acordo cos datos estadísticos 1997-98 da Universidade da Coruña.

Demografía

A revisión a 1 de xaneiro de 1998 do Padrón municipal de habitantes con referencia a 1 de maio de 1996 reflicte que a poboación total na área funcional analizada (comarcas de Ferrol, Ortegal e Eume) era de 213.272 persoas, que representan o 19,28% da poboación total da provincia de A Coruña e o 7,83% do total da poboación galega.

Ó igual que acontece en Galicia e na

provincia de A Coruña, a poboación descende na área de Ferrol. Ese descenso cífrase en 1.433 persoas, o que significa unha perda relativa do 0,67% respecto ó Padrón de 1996, unha porcentaxe similar á galega (0,66%) e superior á da provincia da Coruña (que rexistrou un descenso do 0,36%).

Desagregando o estudio da distribución territorial da poboación, o 78,11% das persoas da área funcional de estudio pertencen á comarca de Ferrol; o 13,59%, á comarca de Eume; e o 8,29% restante, á comarca de Ortegal. Comparando os datos do padrón revisado a 1 de xaneiro de 1998 co censo de 1991, fronte ó aumento da poboación censada en A Coruña (9.359 persoas), a variación intercensal é negativa nas tres comarcas que engloban a área de Ferrol (-5.477 habitantes) (**cadro 6.1.**).

Dentro desta área analizada, fronte á

Cadro 6.1.
Poboación 1991-98: principais datos (*)

	Censo 1991	Padrón 1996	Variación intercensal	Crecedemento vexetativo	Saldo migratorio (1)	Renovación Padrón 1998	Densidade poboación 1996	Densidade poboación 1998
Galicia	2.731.669	2.742.622	10.953	-36.318	48.648	2.724.544	92,9	92,1
A Coruña	1.096.966	1.110.302	13.336	-13.050	26.386	1.106.325	139,8	139,1
Área Ferrol	218.749	214.705	-4.044	-4.931	887	213.272	138,1	137,1
Comarca de Ferrol	169.170	167.396	-1.774	-3.357	1.583	166.592	267,9	266,5
Comarca de Eume	29.990	29.260	-730	-641	-89	28.992	54,3	53,8
Comarca de Ortegal	19.589	18.049	-1.540	-933	-607	17.688	46,1	45,1
Área Ferrol / A Coruña	19,94	19,34	-30,32	37,79	3,36	19,28	98,78	98,51
Área Ferrol / Galicia	8,01	7,83	-36,92	13,58	1,82	7,83	148,65	148,78

(*) outras referencias nos anexos 1 e 2

(1) o saldo migratorio estímase como a diferenza entre a variación intercensal e o crecedemento vexetativo.

Fonte: IGE

Cadro 6.2.
Núcleos de poboación 1991-96

	1991	1996
Galicia	9.956	10.505
A Coruña	3.746	3.952
Área de Ferrol	520	472
Comarca de Ferrol	373	325
Comarca de Eume	61	65
Comarca de Ortegal	86	82

Fonte: INE, Nomenclátor 1996;

INE, IGE, Padrón Municipal de Habitantes a 1 de maio de 1996

devandita variación intercensal negativa do conxunto, 4 municipios presentan unha variación positiva na súa poboación desde a renovación padroal de maio de 1996 ata a revisión a 1 de xaneiro de 1998: Ares e Valdoviño, na comarca de Ferrol, e Cabanas e Pontedeume, na comarca de Eume.

As comarcas analizadas acollen 4 dos 25 concellos da provincia de A Coruña con máis de 10.000 habitantes: Narón, Ferrol, e Fene, na comarca de Ferrol, e As Pontes, na comarca de Eume. Estes catro concellos aco-

llen ó 66,12% do total da poboación das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e representan o 18,26% do total da poboación da provincia da Coruña que reside en núcleos de máis de 10.000 habitantes.

En termos de densidade de poboación, as comarcas analizadas no seu conxunto presentan unha densidade superior á media galega, con 137,1 habitantes por quilómetro cadrado (ver **cadro 6.1.**), pero existe unha clara diferenza entre a comarca de Ferrol (267,9 habitantes por quilómetro cadrado),

cunha densidade superior á existente na provincia de A Coruña, e a densidade das comarcas de Eume e Ortegal, que non superan a media galega.

Finalmente, en relación ós núcleos de poboación, descende o número de entidades de localización respecto ó censo de 1991, situándose na actualidade en 472 núcleos na área analizada, dos que 325 están na comarca de Ferrol. Pola contra, fronte a este descenso na área considerada, aumenta o número de núcleos de localización tanto en Galicia como na provincia de A Coruña, como recolle o **cadro 6.2**.

Educación

A análise da situación educativa en Ferrol faise a partires da información facilitada pola Consellería de Educación e pola Universidade da Coruña e está estruturado en dúas partes: nunha primeira faise referencia á rede de ensino público de Galicia na área de referencia para o curso 1999-2000; na segunda parte abórdanse os estudos universitarios, onde Ferrol conta cun *campus* da Universidade da Coruña.

A rede de ensino público de Galicia na área de Ferrol está organizada en 12 zonas educativas, que agrupan ós diferentes concellos, como amosa o **cadro 6.3**. A zona educativa de Ferrol é a única que dispón de centros de educación especial (19 centros).

No concernente á educación universitaria, Ferrol conta non só cun *campus* universitario dependente da Universidade de A Coruña, de carácter eminentemente técnico, senón que tamén dispón dunha sede da

Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

O *campus* ferrolán tiña cinco centros propios no curso 1997/98, tres deles de carácter eminentemente técnico:

- A Escola Politécnica Superior, onde se imparten Enxeñería Industrial e Enxeñería Naval e Oceánica.
- A Escola Universitaria Politécnica, con dúas diplomaturas: Enxeñería Técnica Industrial e Enxeñería Técnica Naval.
- A Escola Universitaria de Deseño Industrial.
- A Escola de Enfermería e Podoloxía.
- A Facultade de Humanidades, onde se imparte a licenciatura en Humanidades e a diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.

En relación ó número de alumnos, dos 25.124 estudantes matriculados na Universidade da Coruña, 3.953, é dicir, o 15,73%, estudiaban no *campus* de Ferrol. Destes alumnos, 71 son de Ourense, 201 pertencen á provincia de Lugo, 171 á de Pontevedra e outros 100 alumnos veñen de fóra de Galicia.

En canto á súa distribución segundo as carreiras elixidas, a maior parte dos alumnos está na Escola Universitaria Politécnica, seguíndolle en importancia a Escola de Graduado Social e a Escola Politécnica Superior.

Na UNED tutorízanse as carreiras de Dereito, cursos de acceso á universidade para maiores de 25 anos, primeiro curso de

Cadro 6.3.
Centros de ensino público na Área de Ferrol

	Educación Infantil	Educación Primaria	ESO	Educación Especial
Zona educativa de Fene				
Fene	14	29	18	
Zona educativa de Cedeira				
Cedeira	9	24	12	
Cerdido	1	6	-	
Zona educativa de Cariño				
Cariño	5	13	8	
Zona educativa de Cabanas				
Cabanas	2	7	-	
Zona educativa de Ferrol				
Ferrol	33	89	76	19
Zona educativa de Mugardos				
Ares	6	12	8	
Mugardos	6	12	8	
Zona educativa de Betanzos				
Monfero	3	13	8	
Zona educativa de Narón				
Moeche	2	6	-	
Narón	30	61	34	
San Sadurniño	4	10	8	
Valdoviño	6	16	8	
Zona educativa de Betanzos				
Neda	7	15	8	
Zona educativa das Pontes				
Somozas	1	6		
As Pontes	13	36	24	
A Capela	2	6		
Zona educativa de Ortigueira				
Ortigueira	6	20	12	
Mañón	2	6	-	
Zona educativa de Pontedeume				
Pontedeume	-	-	14	
Total Área Ferrol	152	387	246	19

Fonte: Consellería de Educación, Mapa da Rede de Ensino Público de Galicia

Económicas, de Administración e Dirección de Empresas e Enxeñería Técnica de Informática. Ademais das anteriores especialidades, existen tamén cursos de informática, postgrao e formación do profesorado.

Medio ambiente

Na oferta de espazos protexidos na área de Ferrol como reserva natural, con posibilidades de aproveitamento turístico, salienta a presenza dun parque natural, o das fragas do Eume, que foi creado o 11 de

agosto de 1997 e que conta cunha superficie de máis de 9.000 hectáreas. Xunto co parque natural, existen tamén dous espazos naturais en réxime de protección xeral: a ría de Ortigueira e Ladrado (8/05/90), considerada como zona de especial importancia para as aves (convenio Ramsar) e tamén zona húmida de importancia internacional, e a lagoa e areal de Valdoviño (5/06/95), así mesmo zona húmida de interese internacional. □